



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa
do SLG

26-09-2008

**Labregos e labregas exhiben os seus produtos caseiros en Santiago para esixir á Xunta que protexa ao sector.
Xornada Reivindicativa do Produto Caseiro**

Unha ducia de labregos e labregas exhibiron hoxe os seus produtos caseiros (tartas, ovos, legumes, empanadas, pan, marmeladas...) na praza de Europa, sita en Área Central, en Santiago de Compostela, para demandar á Xunta que protexa ao sector e modifique o borrador do decreto que está a preparar a Consellaría do Medio Rural e que temen inclúa unhas condicións inasumíbeis para eles.

A xornada reivindicativa foi organizada polo Sindicato Labrego Galego en colaboración co Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña, e incluíu unha serie de conferencias nas que a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, e o presidente colexial dos veterinarios da Coruña, Uxío Rey, analizaron a situación do produto caseiro en Galiza, mentres que o doutor veterinario Ugo Boldi e Deborah Infante, representante do Sindicato Veterinario de Saúde Pública francés, expuxeron o estado do sector en Italia e Francia, respectivamente.

Labregos e labregas defenden que o *Decreto de Artesanía Alimentaria de Galiza* que elabora Medio Rural teña en conta as dimensións familiares das súas explotacións ao fixar as condicións hixiénico-sanitarias que deben cumprir, porque coas directrices que se

están a barallar só as empresas terán posibilidades de continuar no mercado.

O SLG sostivo tamén a necesidade de que se establezan controis que eviten que as grandes e medianas empresas se apropien da nomenclatura de *produto caseiro* cando en realidade corresponde unicamente as explotacións familiares, que os elaboran con materias primas e os levan directamente ata o consumidor.

Moitas grazas pela súa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Ana Rodríguez Vázquez

TLF: 659 057 251